

BIBLIOTECA ESCOLAR

C.E.I.P. DE PALMEIRA



No C.E.I.P. de Palmeira (Ribeira, A Coruña) vén funcionando, dende hai xa máis dez anos, a pesares de tódolos atrancos e a escaseza de recursos, unha Biblioteca Escolar. A fin de esbozar a dinámica de traballo que se leva a cabo na mesma, refírense neste artigo algunhas das propostas que se puxeron en práctica nos dous últimos cursos escolares.

A Biblioteca do Colexio de Palmeira funciona de maneira estable gracias a un Equipo de Profesores e Profesoras que a xestionan e a dinamizan, ofertando á Comunidade Educativa un recurso fundamental para a aprendizaxe e o lecer. Son pois, estas actividades, exemplo da dinámica que se leva a cabo na mesma, non actividades ailladas ou puntuais, sen contido nen obxectivos; antes ó contrario, manifestan a vontade do profesorado por facer viva a vella máxima, non por vella moi común, de *aprender a aprender*, cada día máis necesaria nesta sociedade da información na que os nosos alumnos e alumnas están a medrar.

As profesoras e profesores integrantes do **EQUIPO DE BIBLIOTECA DO C.E.I.P. DE PALMEIRA** seguen a traballar na mesma liña de anos anteriores pola consecución dos obxectivos que se propuxeron ó comezar este proxecto:

- Xestionar técnicamente a Biblioteca Escolar para proporcionar un recurso eficaz a toda a Comunidade Educativa.
- Dinamizar a Biblioteca Escolar, como un Centro de Recursos da Información do Centro.
- Espertar nas nenas e nenos o desexo de ler e fomentar o hábito da lectura.

UNHA BIBLIOTECA ESCOLAR

A Biblioteca é unha aula máis a que acoden, alomenos unha vez á semana, e segundo un horario previsto, tódolos grupos-clase. Nese tempo realízase o préstamo dos libros, a presentación dos libros novos, as actividades propostas polo Equipo de Biblioteca ou aquelas outras actividades que o profesorado teña a ben realizar, baseándose nuns criterios asumidos por todos e todas de achegamento pracenteiro ós libros e de emprego deste como recurso para a lectura persoal e para a aprendizaxe. Cómpre salientar que no Proxecto Educativo de Centro está contemplado como obxectivo o fomento do hábito lector entre os alumnos e alumnas. Pero ademáis o tempo da biblioteca exténdese ás aulas, cando

A Biblioteca do Colexio de Palmeira.



se levan a cabo propostas imanadas da Biblioteca que animan á realización de traballos, aprendizaxes, xogos e divertimentos nos que todos nos vemos implicados.



En Palmeira non hai Biblioteca Pública: a máis cercana está en Ribeira, capital do Concello, a catro quilómetros. Ata hai pouco, a Biblioteca do Colexio era a única que había en Palmeira (existe unha biblioteca dunha sociedade de carácter privado). Por tanto, nun intento de paliar esta ausencia e de rendabilizar os fondos existentes, ábrese a Biblioteca ós pais e nais, ás avoas e avós, e ós rapaces e rapazas que xa non están no Centro. Así, os martes á tarde, en horario lectivo, está aberta para os nenos e nenas que cursan Secundaria noutros Centros do Concello. Os mércores á tarde, de 5,00 a 6,00, a Biblioteca ferve coa presenza dos máis pequerrechos, que, acompañados de pais, nais, ou avós, queren ler un libro, ensinarlle o libro que lles leu “a profe” ou levar un libro para a casa (ese que lle han ter que ler antes de se durmir).

CONSECUCCIÓN DE OBXECTIVOS

Os obxectivos que se traballan son, como xa queda dito, os seguintes:

- **Promoción da lectura** entre as nosas alumnas e alumnos.
- Sensibilización de todo o profesorado e da comunidade educativa sobre a importancia e **o papel que debe desempeñar a Biblioteca Escolar.**
- **Elaboración de materiais** que dende a Biblioteca axuden ó desenvolvemento dos contidos das distintas áreas curriculares.
- Formar ós alumnos e alumnas no manexo da información: **educación documental.**
- **Xestión eficaz dunha Biblioteca Escolar.**

Podemos dicir que se segue avanzando na consecución destes obxectivos, dunha maneira importante, pois cómpre ter en conta que na súa meirande parte son obxectivos a medio e longo prazo. Hai que contar cun traballo anterior e cunha intención de continuidade.

OS CONTIDOS

As actividades programadas por este Equipo, que se desenvolven ó longo do ano coa participación da totalidade de alumnos e profesorado do Centro, son incluídas nos Plans Anuais do Centro e nas Memorias Anuais correspondentes.

ACTIVIDADES DE ANIMACIÓN Á LECTURA

E DINAMIZACIÓN ESCOLAR

1. CAMPAÑA DE LECTURA:



HISTORIAS CON AVOAS, HISTORIAS CON AVÓS

Durante o primeiro trimestre do curso 99/00, a Biblioteca organizou una Campaña de animación á lectura sobre o tema das persoas maiores, dos avós e as avoas. O motivo central da campaña foi una **exposición de libros** nos que os avós eran protagonistas e que permaneceu no corredor de acceso á Sala de Lectura. Ao tempo, distribuíuse ao profesorado unha carpeta con materiais para o seguimento da campaña: unha **Guía de Lectura** que contiña os libros da exposición; una **Selección de Textos** en galego e castelán para o tratamento dos temas propostos nas áreas de lingua; unha **proposta de actividades** para poñer en práctica ao longo do primeiro trimestre:

- **Meu avó, miña avoa... sabe facer** (valoración da experiencia dos avós, tratamento dos oficios...)
- **Miña avoa, meu avó... aprendéronme a...** (valoración daquelas cousas que nos transmiten os maiores, polo seu coñecemento e experiencia. Relacións avós-netos)
- **O que cantan os meus avós** (recompilación de cancións que cantaban ou aínda cantas os avós ea voas aos netos e netas, en colaboración co profesor de Música)
- **Os meus avós xogaban a...** (xogos populares, en colaboración co profesorado de Educación Física)

Todas estas actividades pretendían no seu conxunto favorecer o tratamento dos seguintes contidos:

- *Os avós, as avoas son persoas que traballaron e aínda traballan.*
- *Son, tamén, persoas con historia; persoas con sentimentos; cn gañas de vivir, e con dereito a facelo entre o respecto de todas e todos.*

Así mesmo, propúxose aos nenos e nenas que aportase fotografías dos seus avós e avoas para que todos puidésemos coñecelos. Fíxose unha exposición con todas elas, exposición que foi moi visitada.

O Equipo de Biblioteca convidou aos avós a participar en encontros cos nenos e nenas. Tivemos a honra de ter connosco a dous avós e unha avoa que mantiveron encontros cos nenos de 4º e 6º curso (os correspondentes aos seus netos), encontros moi entrañables e enriquecedores para todos e todas nos que eles contáronlle aos máis novos cómo era a escola da súa infancia, en que oficios traballaran, anécdotas e aventuras, a súa forma de ver algunhas cousas da actualidade contos.....

Para rematar a Campaña de lectura organizouse a Festa dos Avós. Convidouse aos avós e avoas a que viñesen ao colexio unha tarde. Houbo xogos populares, música, chocolate quente e doces aportados polas avoas. Foi, en fin, unha xornada de convivencia entre os avós e os máis pequenos no entorno escolar, moi gratificante para todos.



Repartiuse a todas as familias unha publicación da Biblioteca que recollía unha boa selección de traballos realizados por nenas e nenos ao longo de toda a campaña de lectura.

2. DATAS IMPORTANTES

Durante o ano escolar a Biblioteca estivo presente na celebración dalgúns datas que o Equipo Docente considera necesario conmemorar.

- 30 de Xaneiro, Día da Paz: **LIBROS PARA A PAZ**. A Bibliotecaria Escolar traduciu un conto que contén valores de solidariedade, **A PONTE**, de Ralph Steadman (editado por Miñón) e que foi repartido a todo o alumnado. Así mesmo o profesorado recibiu un listado de títulos

de literatura infantil e xuvenil presentes na Biblioteca susceptibles de seren utilizados en actividades de educación para a paz, así como propostas para o tratamento do conto-estrela deste ano.

- Semana Castelao: exposición de libros, debuxos e publicacións de e sobre Castelao, en colaboración co Equipo de Normalización.
- 8 de Marzo, Día Internacional da Muller: a Biblioteca repartiu a todo o alumnado a tradución do conto *¿QUEN AXUDA NA CASA?* de Ricardo Alcántara (Edit. Edelvives), e propuxo ao profesorado o tratamento dos contidos de educación para a igualdade que o conto pode suxerir.
- Exposición de libros de Historia de Galicia, na Semana das Letras Galegas, dentro da exposición organizada polo E.N.L., *Un Paseo con Murguía pola Historia de Galicia*.
- Exposición de Libros sobre a Natureza, co gallo da celebración do Día do Medio Ambiente. Dentro das actividades do Día do Medio Ambiente, recibimos a visita de “O CARBALLO CON BOTAS”. O grupo ecoloxista Xevale, de Chantada, que mantivo un intercambio eco-poético coas nenas e nenos de 6º curso de Primaria, levou a cabo un obradoiro que baixo este título e a través do conto e o xogo impartía contidos de educación medioambiental especialmente centrados na importancia do bosque autóctono.

3. UN AUTOR NA BIBLIOTECA: XOÁN BABARRO

O segundo trimestre (curso 99/00) mudou a ambientación da Biblioteca que adicou a súa actividade á divulgación da obra do escritor galego Xoán Babarro, autor prolífico con numerosas obras dirixidas a lectores novos, algúns deles en colaboración coa súa muller, Ana M^a Fernández.



A Biblioteca elaborou un boletín con actividades sobre os seus libros e fomentou o coñecemento dos seus contos. O 30 de Marzo, o escritor acudiu ó Centro onde mantivo un encontro coas nenas e nenos de 1º e 3º cursos de Primaria.

4. CONCURSOS DE POESÍA, CONTOS, CÓMIC E DEBUXO

Nesta ocasión, dado o elevado número de propostas que se dimanan dos diferentes equipos de traballo do Centro, a Biblioteca limitou as modalidades dos concursos, de xeito que os nenos e nenas de Infantil e 1º Ciclo, participaron no concurso de debuxo e contos, os de 2º nos concursos de poesía e conto e os de 3º Ciclo nos de poesía, cómic e conto. Coma en anos anteriores, os traballos premiados foron publicados na revista escolar TIXOSA que se edita ó remate do curso.

5. CELEBRACIÓN DO DÍA DO LIBRO

No terceiro trimestre, as propostas da Biblioteca céntranse na celebración da semana do libro, no mes de Abril. Dado o calendario escolar deste ano, estas actividades leváronse a cabo nos primeiros días de Abril, antes de dar por rematado o 2º trimestre.

Nesta ocasión, a biblioteca propuxo aos nenos e nenas a participación nun concurso, ¡CANTO CONTO TEMOS! que consistía na identificación do título dun conto a partires dunhas pistas que se ían proporcionando diariamente. O alumnado debía formar equipos e estar atentos ás pistas, entregando as respostas na Biblioteca cos datos dos integrantes do grupo. Ao remate, os grupos acertantes do conto agachado, O REI RA, foron agasallados con tarxetas, adhesivos e marcadores de lectura. Así mesmo distribuíuse entre todo o alumnado unha reprodución en miniatura deste conto popular.

Co mesmo título, ¡CANTO CONTO TEMOS! propúxose a participación nunha exposición dos libros de contos máis queridos para os integrantes da comunidade escolar. Cada un dos libros expostos ía acompañado dunha breve explicación no que cada quen contaba o por qué da súa escolla.



Tamén nestes primeiros días de Abril a Biblioteca recibiu a visita da MAGA RULANA que veu contarlle contos aos nenos e nenas de Educación Infantil.



6. O BOLETÍN BIBLIOTECA

Unha vez ó trimestre publicamos o boletín BIBLIOTECA, unha folla con libros recomendados, para maiores e pequenos, ou xogos sobre o autor traballado. Esta folla repártese a todo o alumnado e chega a tódolos membros da Comunidade Escolar.

7. UN MOURO NA BIBLIOTECA: AGAPITO

Dende hai uns anos, contamos coa axuda de Agapito, un mouro que vive no monte de A Curota, onde garda un tesouro nunha cova secreta, e que baixa a pasar o inverno na Biblioteca. Agapito é o personaxe que ilustra moitas das nosas propostas e é un membro máis do Equipo de Biblioteca.

Na maleta de Agapito presentamos as novidades que van chegando á Biblioteca e é unha das seccións con máis éxito entre os lectores, incluídos os pais e nais que nos visitan os mércores.

8. ANIMAR Ó PROFESORADO

Un dos obxectivos da Biblioteca é o de divulgar os fondos da mesma entre o profesorado, animándoo a empregarlos no seu labor cotián. Na Sala de Profesoras/Profesores hai un expositor permanente onde se dan a coñecer as novas adquisicións de carácter didáctico e as revistas e outras publicacións que chegan ó Centro.

Nun segundo expositor amósanse materiais curriculares para o tratamento de determinados contidos transversais. Neste curso, e dado que se estaba a realizar

unha revisión parcial do Proxecto Curricular, neste expositor mostráronse os materiais presentes na Biblioteca Escolar sobre Currículum, PCC, PEC, Metodoloxía e Organización Escolar.

9. OS RAPACES E RAPAZAS RECOMENDAN LIBROS

Como xa é habitual neste Centro, unha das actividades animadoras por excelencia é a recomendación de libros que nos gustaron moito. A Biblioteca proporciona a base para estas recomendacións elaborando uns carteis motivadores nos que máis tarde as nenas e nenos van escribir o título dos libros que máis lles gustaron. Estes carteis están expostos no corredor que leva á Biblioteca.

10. A BIBLIOTECA NA REVISTA DO COLEXIO: TIXOSA

As actividades máis importantes da Biblioteca son divulgadas, na busca dunha maior promoción da lectura, na revista que anualmente edita o Colexio e que se distribúe a tódalas familias da comunidade escolar e outros centros e institucións da zona e do resto de Galicia.

11. CONTAR E LER EN VOZ ALTA

A proposta de animación á lectura que o Equipo de Biblioteca recomenda a todo o profesorado polos resultados que aporta é a lectura de contos breves ou pequenos anacos motivadores, en voz alta, de xeito expresivo. Lembramos o poder, a beleza e a forza da palabra e por iso recomendamos tamén a lectura de poemas e a súa aprendizaxe e creación.

Contar contos, a calquera idade é tamén unha das actividades máis comúns nesta Biblioteca. Neste senso, a Bibliotecaria Escolar, no seu aspecto de contacontos, asistiu en varias ocasións ás Áulas de Educación Infantil coa súa maleta chea de libros.



ACTIVIDADES DE EDUCACIÓN PARA O ACCESO Á INFORMACIÓN

A Biblioteca asume como función a educación para o acceso á información, o que se está a chamar Educación Documental, entendida mesmo como un contido transversal.

A Biblioteca elabora materiais que axudan a coñecer os fondos da mesma e a facer uso dos mesmos, materiais que se dan a coñecer tanto ó profesorado como ó alumnado. Son, en definitiva, actividades que buscan a formación dos nenos como usuarios competentes das Bibliotecas.



Pero ademáis, neste curso, a Bibliotecaria Escolar impartiu, xunto con outra profesora do 2º Ciclo, un Obradoiro de Técnicas de Estudio e de Acceso a Información , integrados na experiencia de Obradoiros que tódolos anos se leva a cabo no Centro, dirixidos ao alumnado de 2º e 3º Ciclo de Primaria.

Por outra banda, o Centro posibilitou o cambio do equipo informático presente na Biblioteca. Desta forma pódense consultar xa enciclopedias informatizadas e acceder á información da rede a través dun acceso a Internet.

Así mesmo, na páxina Web do Colexio

<http://inicia.es/de/colexiopalmeyra>

aparecen reflectidas as actividades que a Biblioteca leva a cabo durante o ano escolar.

XESTIÓN DA BIBLIOTECA ESCOLAR

O labor do Equipo de Biblioteca é fundamental á hora de xestionar a Biblioteca Escolar. Non o é menos a existencia da figura da Profesora-Bibliotecaria, que coordina as actividades e, ó ter un tempo asinado para estes labores, leva o peso das mesmas, e dá continuidade á liña de traballo.

A xestión dunha Biblioteca Escolar que queira ser tal, conleva un amplo abano de actividades: a selección (contando coas suxerencias do Claustro), adquisición, rexistro, catalogación, clasificación, etiquetado, forrado, no seu caso, e colocación dos libros e outros materiais que soportan información (revistas, dossiers, cintas de vídeo, casetes musicais, discos compactos...) así como a conservación e o préstamo dos mesmos. Aínda que hai un préstamo directo que realiza cada profesor/a co seu grupo de alumnos (desta forma o labor de promoción da lectura é moito máis cercano ás necesidades e características do neno/a), a Biblioteca ten tamén un tempo para o préstamo xeral (dirixido a todo o alumnado e ó resto da comunidade escolar, incluídos exalumnos, como xa queda indicado).

Todas estas actividades, incluídas xa no proxecto do Equipo, son imprescindibles para garantir un acceso eficaz ós fondos da Biblioteca. Por iso, tódolos membros do Equipo colaboran no traballo e adican un importante número de horas, algunhas do horario lectivo (aquelas que, como parte integrante dun Equipo de Traballo, teñen asignadas de atención non directa) e moitas máis do horario non lectivo. Evidentemente, estas horas non aparecen recollidas en actas pero son fundamentais á hora de valorar o funcionamento da Biblioteca.

PROCESO DE AVALIACIÓN

O Equipo avalía como moi positivo o traballo da Biblioteca Escolar. A avaliación dos labores de difusión e promoción da lectura mídense polo entusiasmo que os nenos e nenas poñen en tódalas actividades que teñen que ver coa Biblioteca e nos índices de lectura de cada curso. Pódese engadir como expoñente desta avaliación positiva o bo acollemento que tódalas propostas da Biblioteca teñen no conxunto do profesorado do Centro e a boa disposición coa que se poñen a traballar, integrando as actividades nas súas programacións de aula e no seu labor cotián.

MATERIAIS ELABORADOS

Ó longo do curso 99/00, o Equipo da Biblioteca elaborou os seguintes documentos:

- HISTORIAS CON AVOAS, HISTORIAS CON AVÓS. Guía de Lectura.
- HISTORIAS CON AVOAS, HISTORIAS CON AVÓS. Materiais para o Profesorado
- HISTORIAS CON AVOAS, HISTORIAS CON AVÓS. Revista con traballos dos nenos e nenas realizados durante a campaña de lectura.
- CONTOS DA BIBLIOTECA:
 - A PONTE. Ralph Steadman. Traducción de Cristina Novoa
 - ¿QUEN AXUDA NA CASA? Ricardo Alcántara. Traducción de Cristina Novoa
 - O REI RA. Conto popular. Versión galega publicada na Edit. Kalandraka
 - Boletíns BIBLIOTECA, 1, 2 e

OUTONO 2000: CAMPAÑA DE LECTURA *XENTES QUE NON SON XENTE*

Iniciado xa curso 2000/2001, a Biblioteca organiza unha Campaña de Lectura que titula XENTES QUE NON SON XENTE. Agapito, o mouro da Biblioteca está de aniversario e quere convidar, para celebralo, a moitos dos seus amigos dos contos e as lendas. Así irán chegando ó colexio o Raposo, o Xigante, os Trasnós, as Donas ou Mouras, os Mouros, os Ananos, os Cocóns (Home do Saco, Mariámanta, Sacaúntos, Zampón, Papón,), a Serpe, o Orco.... todos eles presentes nas lendas e contos populares da tradición galega.



A Campaña vértébrase arredor dunha pequena exposición de libros de contos e lendas, a ambientación da Biblioteca, convertida na cova de Agapito (aquela que ten na Curota e na que agacha o seu tesouro) á que van chegando, semana a semana, os distintos personaxes, e a publicación duns pequenos contos que se distribúen a todo o alumnado e que conteñen un conto e unha presentación do personaxe ó que vai adicado. Repartíronse ós nenos e nenas contos do Raposo, o Xigante, o Trasnó, a Dona da Fonte, os Mouros, a Cova da Serpe e os Cocóns. Propúxose ó profesorado o tratamento nas aulas destes personaxes e de todos aqueles contidos que cada un dos contos podía suxerir: os oficios tradicionais, os animais, as lendas; os mouros como pobo mítico e as mámoas, os castros, as fontes como lugares nos que acostuman aparecer.

Tamén se fixo unha exposición de fotografías dos nenos e nenas nas súas festas de aniversario e celebrouse unha *Semana de Cine de Conto*, con películas nas que aparecían personaxes da Campaña (*David o Gnomo* e "*Legend*")



A bruxa Maruxa

Xoán Ramiro Cuba



Para rematar a Campaña, que foi moi seguida e "vívida" por toda a comunidade educativa, celebrouse o 5 de Decembro a Festa de Agapito. Á mañá visitaron o Colexio a *Bruxa Maruxa* e o experto en Tradición Oral, co-autor do Dicionario dos Seres Míticos Galegos (Edicións Xerais), *Xoán Ramiro Cuba*. Mantiveron encontros con distintos grupos de nenos e nenas e contaron contos e lendas; coñeceron a Agapito e celebraron con todos nós o seu aniversario.

A Biblioteca do Colexio de Palmeira.

Á tarde, a festa propiamente dita. Contos dos nenos e nenas de 6º para todo o Colexio, música, narradores orais, baile e moitas fantasmas, homes e mulleres do saco, trasnos, donas ou mouras, mouros, xigantes, bruxas..... que, chegados de tódolos contos, pasárono estupendamente na festa de Agapito e disfrutaron das lambetadas ás que nos convidou.



Posteriormente, a Biblioteca publicou unha pequena revista na que recollía as diferentes visións dos nenos e nenas sobre algúns dos personaxes da Campaña. Adxúntanse tódalas publicacións que tiveron unha enorme aceptación entre a comunidade escolar.

A XEITO DE CONCLUSIÓN

Nos últimos cursos seguiu avanzando nos seguintes aspectos que o Equipo valora como moi positivos:

- Un maior coñecemento por parte da totalidade do profesorado da importancia da Biblioteca Escolar como centro de recursos e de dinamización da vida do Centro.
- Unha maior valoración dos materiais que a Biblioteca proporciona.
- A adhesión a unha liña metodolóxica innovadora que, en coherencia co que está contemplado no Proxecto Educativo, permite unha maior coordinación entre os distintos Ciclos e grupos, afonda nunha dinámica participativa, autocrítica e de investigación e contribúe a unha educación máis integradora dos nosos nenos e nenas e máis satisfactoria para os profesionais que a levan a cabo.
- A elaboración e utilización duns materiais curriculares que favorezan unha visión globalizadora e integradora da actividade escolar.



Os vindeiros anos presentan un reto ós integrantes deste Equipo: continuar co seu labor pero investigar novas formas, novas liñas de traballo. A sociedade da información na que os nosos alumnos e alumnas están a medrar xustifica sen máis o noso labor. A necesidade ineludible de crear hábitos saudables para a vivencia dun ocio enriquecedor e o espertar dun forte espírito crítico diante dos excesos publicitarios e a desinformación xeralizada, ás veces por saturación de datos, fai aínda máis importante o papel da lectura e a súa promoción.

Faise imprescindible atopar estratexias para afianzar os hábitos lectores dos nenos e nenas cando xa non están baixo a influencia do Colexio. Ben é certo que isto non depende tanto de nós como das familias e das institucións públicas que deberan traballar de forma máis activa a prol do fomento e difusión dunha cultura viva na que a lectura é un pilar esencial.

Distintas voces, entre elas a nosa, reclaman unha formación dos nenos e nenas como usuarios competentes, conscientes e críticos dos medios audiovisuais e informáticos, que non abandone a lectura como recurso fundamental para o acceso ó coñecemento e como hábito enriquecedor e pracenteiro.

Palmeira, Abril 2001

Cristina Novoa Fernández

Coordinadora do Equipo de Biblioteca. Bibliotecaria-Escolar